Modificacións orzamentarias agosto 2019



1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 55440 – 56169 (10/INT-001857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de protección ambiental

A Mesa admítea coa reformulación contida no doc. núm. 56169.

- 55689 (10/INT-001874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre a política do Goberno galego en materia de planificación normativa

- 55711 (10/INT-001875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a política do Goberno galego en relación coas sociedades mercantís

- 55805 (10/INT-001876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o apresamento de pesqueiros galegos

- 55817 (10/INT-001877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa ampliación e xestión da Rede Natura 2000 en Galicia

- 55827 (10/INT-001878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia ferroviaria

- 55904 (10/INT-001879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa tramitación de proxectos de parques eólicos

- 55907 (10/INT-001880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións da concesión de aproveitamentos hidroeléctricos

- 55926 (10/INT-001881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade e a coeducación nos centros de ensino

- 56086 – 56144 (10/INT-001882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 56144.

- 56092 (10/INT-001883)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda

- 56099 (10/INT-001884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o sector naval

- 56138 (10/INT-001885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a construción naval

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, e ao amparo do artigo 87.2 da Constitución e do artigo 10.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, que permite a posibilidade de exercer, desde o Parlamento de Galiza, a iniciativa lexislativa ante as Cortes do Estado, presenta a seguinte **Proposición de Lei relativa á modificación da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de financiamento autonómico está configurado baixo un esquema de control centralista dos recursos públicos, e dispensa sempre tutelada dos mesmos para atender as competencias descentralizadas. Neste modelo, as CCAA que participan do sistema común de financiamento, como é o caso de Galiza, apenas poder contar con recursos propios para atender os servizos públicos da súa competencia dado que lles foron asignados como tributos propios aqueles de menor envergadura económica, e dependen fundamentalmente da cesión de impostos que se reservou o Estado, que son os de maior peso económico. Esta asignación dos recursos tributarios, a todas luces desigual que se





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

efectuou desde o inicio do sistema de financiamento, contrasta coa paulatina asunción dos servizos públicos de maior dimensión e importancia que son competencia das comunidades autónomas, como é o caso da sanidade, a educación ou os servizos sociais.

O sistema de financiamento autonómico é limitativo desde o seu inicio, e non responde a un criterio de corresponsabilización fiscal, onde o ente ou administración responsábel do gasto na provisión dos servizos, tamén ha de ser responsábel para decidir como se xeran os ingresos, isto é, se suben ou baixan os impostos. Noutras palabras, o lóxico sería acometer un modelo onde ao tempo que se transfiren competencias de gasto (caso dos servizos públicos citados que teñen unha importante compoñente de gasto público), tamén se transferisen plenamente as competencias tributarias e de recadación plena. Pola contra, no Estado español, a Administración central cedeu competencias en servizos que comportan un gasto público relevante pero non a capacidade tributaria. Por iso, a xestión dos servizos públicos vinculados ao benestar, malia ser transferidos como competencias exclusivas, vese condicionada e supeditada ás cesións que faga o Estado. Non depende, neste sistema, polo tanto da capacidade real que teñan as CCAA segundo o seu potencial fiscal de financiar os servizos e competencias relacionados co benestar, senón da vontade do Estado de ceder máis ou menos recursos. Así, a falta de capacidade fiscal plena de Galiza condúcenos a sermos dependentes da política fiscal e das grandes decisións da política económica ditadas desde o Goberno central que anulan totalmente calquera marxe de autonomía política das institucións de goberno galegas, especialmente relacionada coas políticas sociais nas que ostentamos competencias exclusivas.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As distintas reformas do sistema autonómico avanzaron nunha tímida cesión de maiores porcentaxes de tributos estatais ata a última que entrou en vigor en 2010. Desde entón non só se entrou en parálise da revisión, dado que o anterior Goberno do Partido Popular se negou en rotundo a acometer a revisión programada para 2015, senón que se agravou coa situación de inestabilidade política no Estado español. Neste momento, dito sistema de cesión controlada de tributos estatais nin sequera se está a cumprir porque o Estado ampárase nunha deficiente redacción da vixente normativa sobre financiamento autonómico para evitar compensar os ingresos a que teñen dereito as CCAA. na parte que lles foi cedida. Esta situación está a causar un grave prexuízo, ao non contar co financiamento necesario para o adecuado funcionamento dos servizos públicos básicos que xestionan as CCAA de réxime común, cunha repercusión directa cara os cidadáns.

Á vista do exposto sería preciso acometer, por unha banda e de forma urxente, unha modificación normativa que atallase as deficiencias do sistema actual, que fan depender da conxuntura política do Goberno central a liquidación e adecuación paulatinas dos recursos a que teñen dereito as CCAA. Aínda non estando dacordo co sistema actual, pola dependencia que ocasiona ao ser as CCAA actores pasivos na parte dos ingresos e que merece mudarse po outro modelo onde realmente teñan capacidade fiscal plena tributaria e recadatoria, o que semella máis disparatado é que as CCAA teñan que agardar e verse supeditadas a recibir as actualizacións das achegas polas cesións de tributos a que teñen dereito pola falta de acordos políticos no Estado español. Así, entanto non se aborden as reformas precisas, entre elas unha superación do actual marco





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constitucional onde tamén se aborde a reforma a fondo dos principios do sistema fiscal e de financiamento, non pode admitirse que a inestabilidade política afecte ao normal desenvolvemento e evolución do sistema de financiamento, poñendo en risco o financiamento de servizos esenciais, polo que se debe desvincular a súa dinámica dos orzamentos anuais -que dependen do acordo político- para situala nun marco institucional alleo ás tensións partidarias.

Con esta iniciativa legislativa, como primeira medida e con ese carácter máis perentorio, preténdese salvagardar o financiamento dos servizos básicos, a través dunha reforma na normativa sobre financiamento autonómico que desvincule o financiamento dos servizos básicos da tramitación orzamentaria da Administración Central do Estado.

Por outra banda, constatada a deficiencia crónica do sistema de financiamento, tamén se debe acometer unha reforma a fondo, asentada no principio de atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, onde ostente a territorialización plena dos tributos e a capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo, e tamén de responsabilización plena das competencias en materia de benestar e políticas sociais. Na medida en que Galiza soporta o peso das políticas sociais, tamén ha de terse a capacidade de intervir nos recursos fiscais para financiarlos.

Así mesmo, e como complementario desta reforma tamén cómpre revisar as política de estabilidade orzamentaria baseada no control férreo do déficit





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

público, dado que os pretendidos efectos positivos de ditas políticas como guía prioritaria da acción dos poderes públicos, non foron demostrados, Pola contra, constátanse graves efectos negativos sobre a marcha da economía e o benestar. Ao pretender unha aplicación homoxénea a situacións diversas, o que impide avanzar nunha converxencia real de territorios e economías con situacións de partida diverxentes, así como ao implicar unha contención do gasto público que limita a capacidade de obter maiores ingresos públicos con criterios redistributivos, ademais de acometer profundos recortes na provisión de bens e servizos públicos ligados ao estado do benestar.

Tamén se ha de acometer, polo tanto, unha reforma que permita acoller as actuacións e iniciativas desde o ámbito público para sentar as bases dun cambio de modelo económico estrutural que supoña unha organización da economía fundamentada no traballo produtivo, o fortalecemento dos servizos públicos sociais como medio para corrixir as desigualdades sociais, e a dotación de maiores niveis de autogoberno que facilite unha adopción de solucións en niveis máis próximos aos intereses económicos de cada territorio e contribúa a corrixir os desequilibrios que ocasionou unha globalización económica que acentuou un modelo de concentración económica desigual e discriminando gravemente a sectores económicos básicos.

Artigo único. Modificación no artigo 11 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

O parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 11 que da redactado nos seguintes termos:

«Para a determinación das entregas a conta sinaladas no parágrafo anterior empregaranse as previsións existentes. A elaboración de ditas previsións será efectuada, de acordo cos datos que faciliten o Ministerio de Facenda e a Axencia Tributaria que terán o carácter de abertos e dispoñibles para as Comunidades Autónomas que participan no sistema de financiamento, pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e trasladadas ao Consello de Política Fiscal e Financeira, que será o órgano competente para aprobalas finalmente, en todo caso con anterioridade ao 15 de setembro de cada ano. As previsións elaboradas de acordo co previsto nesta disposición serán incorporadas aos orzamentos xerais do Estado a aos orzamentos das Comunidades Autónomas , e vincularán a todas as administracións que forman parte do sistema de financiamento. No caso de non aprobarse os orzamentos xerais do Estado, as Comunidades Autónomas elaborarán os seus orzamentos conforme ditas previsións e o Estado, a través do Ministerio de Facenda, deberá adoptar as medidas precisas e crear os mecanismos necesarios nos orzamentos prorrogados para asegurar o cumprimento das transferencias de fondos ás Comunidades Autónomas que se deriven das entregas a conta aprobadas.»





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición derogatoria Única.

Quedan derogadas todas as disposicións que se opoñan ao previsto na presente Lei.

Disposición Final Primeira. Elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico.

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente Lei abordarase a reforma do sistema de financiamento autonómico, baseado nos seguintes principios:

1. Unha territorialización completa dos tributos do sistema fiscal, con capacidade normativa plena para as Comunidades Autónomas para os adaptar ás súas necesidades e con capacidade para:

a) A organización e exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), polas administracións tributarias autonómicas.

b) A colaboración e cooperación con outras administración locais, estatais e comunitarias, especialmente na loita contra a fraude fiscal.

c) A integración do sistema de financiamento local coa transferencia ás entidades locais dos recursos necesarios para atenderen as competencias e servizos que desenvolvan, en base a modelos propios de financiamento local.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. O establecemento de achegas ao Estado en concepto do custe das competencias e dos servizos común prestados en función de criterios e parámetros obxectivos.

3. A creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que serva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

Disposición Final Segunda. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2019 13:03:42



Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Patricia, por iniciativas das súas deputadas **Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Non obstante esta obriga, a Xunta de Galicia nin sequera ten aprobado o calendario normativo para este ano 2019 (polo que non se coñecen as previsións normativas para este ano ao que só lle quedan 3 meses para rematar), ao que hai que engadir o deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados 2017 e 2018.

A realidade é que, a día de hoxe, o Goberno non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade legislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

E atopamos esa mesma liña de incumprimento dos compromisos legislativos cando só se teñen aprobado 5 das 20 leis que o presidente da Xunta anunciara no seu programa electoral ás eleccións autonómicas de 2016. Xa que logo, seguimos diante da lexislatura de máis baixa iniciativa legislativa por parte do Goberno galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego, con relación aos seus compromisos legislativos e ao grao de cumprimento da súa planificación normativa, ao seguinte:



1. Cumprir o disposto no artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Dar conta ao Parlamento con urxencia do grao de seguimento do plan normativo do ano 2018.
3. Aprobar inmediatamente o plan normativo do ano 2019.”

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 13:06:59

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/09/2019 13:07:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2019 13:07:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Soraya Salorio Porral, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O saneamento da ría do Burgo é unha prioridade estratéxica do Goberno galego, para acadar o bo estado e a calidade das augas desta ría e para contribuír a garantir a actividade marisqueira.

O Goberno galego cumpriu cos seus compromisos para sanear a ría, colaborando e apoiando aos concellos nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, esforzo feito ao longo dos últimos anos para sacar adiante todos os proxectos nos catro concellos da ría: A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros.

As actuacións de saneamento levadas a cabo polo Goberno galego na ría do Burgo supuxeron un investimento da Xunta de 100 millóns de euros.

Cómpre agora que este esforzo investidor por parte do Executivo autonómico teña continuidade por parte do Goberno central, en canto ao cumprimento do seu compromiso de executar a dragaxe da ría do Burgo, unha actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal. Un proxecto que o Goberno estatal ten redactado e que conta cun investimento previsto de 46 M€, pero que desde hai máis dun ano permanece metido nun caixón.

Cómpre lembrar que nun encontro mantido o 15 de xaneiro de 2019 entre a Administración central, a Xunta de Galicia e os Concellos, o Goberno galego puxo sobre a pesa a proposta de redirixir fondos europeos (FEDER xestionado pola Administración central) inexecutables en prazo, cara esta actuación.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica quedou en tramitar a ampliación do destino de fondos, dándolle traslado á Comisión Europea dese acordo acadado no mes de xaneiro entre Xunta, Goberno central e Concellos.



Porén, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas no mes de abril confirmouse que, ata ese momento, o Executivo español non tiña dado nin un só paso neste sentido ante as institucións europeas.

Pese a isto, desde a Xunta aproveitouse a ocasión para trasladarlle ás autoridades comunitarias a necesidade de que os fondos comunitarios que foran consignados para proxectos de saneamento e depuración na nosa Comunidade se sigan destinando a estes fins e solicitou das institucións comunitarias que se dean facilidades para que os fondos destinados ao Goberno de España para saneamento se poidan investir tamén na dragaxe ambiental da ría do Burgo, como actuación de mellora da calidade das augas.

A día de hoxe non hai certezas de que o Ministerio teña feito os trámites necesarios para dar cumprimento ao acordado. Tan só coñecemos noticias ao respecto polo que ten publicado algún medio de comunicación.

A isto vense engadir a recente petición realizada pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao secretario de Estado de Medio Ambiente, solicitándolle información oficial ao respecto das xestións e dos avances na reasignación dos fondos europeos á dragaxe da ría do Burgo.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos ante unha actuación necesaria e cunha grande incidencia sobre o medio, o marisqueo e o propio turismo da zona, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **pleno**:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado:

1.- A remisión de información oficial das xestións e os avances que ten feito de cara a cumprir co compromiso acadado con Xunta e Concellos no mes de xaneiro, relativo á solicitude ante as autoridades europeas do cambio de destino, cara á dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, daqueles fondos FEDER xestionados pola Administración do Estado que sexan inexecutables en prazo.

2.- No seu caso, urxir ao Goberno de España a que axilice as xestións ante a Unión Europea necesarias para a obtención de fondos comunitarios para esta actuación.

3.- Dote de orzamento suficiente o proxecto de dragaxe, actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal, establecendo un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución.

3. Presente un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e, nesta liña,



teña en conta o ofrecemento realizado pola Xunta de Galicia de cofinanciar nun 10% un plan social de axuda aos mariscadores.

4. Constitúa unha comisión de seguimento na que estean representadas todas as administracións e organismos implicados: Ministerio, Xunta de Galicia, Concellos da ría (A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros), confraría e sector marisqueiro”

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2019 14:33:08

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2019 14:33:25

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2019 14:33:33

Martín Fernández Prado na data 13/09/2019 14:34:03

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2019 14:34:17

Diego Calvo Pouso na data 13/09/2019 14:34:37

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2019 14:34:52

Antonio Mouriño Villar na data 13/09/2019 14:35:10

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2019 14:35:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2019 14:35:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O IGE vén de publicar a Estatística de Sociedades Mercantís correspondente ao mes de xullo. A dita estatística elaborase a partires da Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (Borme) con carácter mensual co fin de medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre as empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.

Os datos achegados indícanos que no mes de xullo en Galicia se crean 281 sociedades mercantís, o que supón unha diminución dun -1,1 % respecto do mesmo mes do ano anterior, mentres que para o conxunto do Estado esta variación é positiva (+1,6 %). No caso das sociedades disolvidas (80) a variación anual tamén é peor para Galicia (+11,1 %) que para o conxunto do Estado (+9,2 %) e temos 102 sociedades que amplían capital e 20 que o reducen.

Facendo unha comparativa mes a mes, tamén temos que para este exercicio os datos para Galicia son negativos respecto aos do exercicio 2018.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que á vista destes datos:

1º) Elabore un estudo sobre as posibles causas de disolución das entidades mercantís.

2º) Elabore un programa de acompañamento e formación para as persoas que pensen en constituír unha sociedade.

3ª) Artelle programas, conxuntamente cos concellos, de formación e de acompañamento a emprendedores sobre constitución e funcionamento de sociedades mercantís, localización de solo empresarial axeitado ao tipo de sociedade, así como das achegas económicas existentes na Comunidade Autónoma galega, no Estado ou a Unión Europea.



Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 16:09:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:09:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2019 16:10:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, José Manuel Pérez Seco, María Carmen Rodríguez Dacosta e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As concentracións parcelarias de 8 parroquias da zona norte do concello de Agolada en Pontevedra levan esperando desde o ano 2002, a que se rematen. A realidade é que nesta área territorial xa hai traballos feitos cun investimento de máis de 800.000 euros, como o estudo de impacto medioambiental, medición de fincas, levantamentos topográficos, etc.

Estas concentracións divídense en dous núcleos:

- Núcleo 1: que abrangue as parroquias de Agra, Sexo, Baiña e Val cunha superficie de 1469 hectáreas.
- Núcleo 2: que abrangue as parroquias de Berredo, Eidián, Basadre e Ramil cunha superficie de 2130 hectáreas.

Nestes dous núcleos faltarían as parroquias de Sexto e Brocos (núcleo 3), para as que durante o ano 2018 se recolleron sinaturas que concluíron que o 90 % dos propietarios de terras nestas dúas parroquias demandan tamén o inicio da concentración parcelaria.

Tratase de parroquias cun minifundismo extremo. Hai casos nos que 25 hectáreas chegan a repartirse en máis de 220 parcelas, o que fai moi complicado o aproveitamento de ao redor de 470 hectáreas de terreo agrícola que están inutilizadas. Esta cuestión é especialmente grave dado que estamos a falar da reorganización dunhas terras, situadas a maior parte delas na ribeira do río Ulla, que conforman un espazo moi fértil e válido para a produción de forraxes con cultivos como o millo ou os mirasoles.

Ademais sería un proxecto sinxelo, xa que das máis de 5.000 hectáreas que abarcan, hai xa preto dunhas 1.102 hectáreas localizadas en pequenos núcleos que xa están aparceladas ou pertencen a montes comunais, e de especial interese estratéxico, dado que nestas parcelarias existe unha



destacada actividade gandeira, como a Granxa Sueiro, recoñecida polo seu labor a favor da sustentabilidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Que durante o ano 2019 dispoña os medios orzamentarios para reiniciar os traballos do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1 e 2, da zona norte do concello de Agolada, iniciada no ano 2002 e paralizada no 2010.

2ª) Que durante o ano 2019 dispoña os medios orzamentarios para iniciar os traballos do proceso de concentración parcelaria no núcleo 3, da zona norte do concello de Agolada.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:26:40

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:27:13

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 16:27:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2019 16:27:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a falta de persoal facultativo no concello de Meis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso @s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

Esta situación de deterioro da Atención Primaria visibilizouse con toda virulencia ao longo desde verán, onde se produciu un forte rexeitamento á folla de ruta da xunta, a través de mobilizacións, manifestacións, declaracións públicas etc.

O Concello de Meis non e alleo a estes problemas, así vemos como as prazas dos médicos non son cubertas nas vacacións nin nas baixas, situación que se dá ao longo do tempo e que se acentúa nos meses de verán, así concretamente nestes días atopámonos no Concello de Meis que o Centro de Saúde do Mosteiro e no de Paradela





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non houbo médico durante días, o mesmo acontece en San Martiño que está sen médico debido ás vacacións do mesmo e cuxa praza non é cuberta durante este período.

O mesmo acontece coa praza de médico pediatra, a cal non se cubre nos períodos de vacacións, dándose o caso neste momento que por unha baixa da titular segue sen estar cuberta tras ese período de vacacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a solucionar no inmediato a falta de persoal facultativo no Concello de Meis, e a que proceda a:

- a) Cubrir todas as prazas de médicos no Concello durante as vacacións ou baixas laborais dos mesmos.
- b) A cubrir de forma inmediata a praza de pediatra do Concello de Meis.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 13:10:08

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 13:10:15

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 13:10:21

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 13:10:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 13:10:37

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 13:10:44





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a esclarecer as circunstancias do aprexamento dun arrastreiro “Río Mau” por parte de Irlanda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns día 11 de Setembro foi apresado novamente un pesqueiro galego. Nesta ocasión tocoulle ao arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo. Dito apresamento foi realizada polas autoridades irlandesas, permanecendo retido durante 4 días con toda a tripulación a bordo no porto de Casteltownbere (Irlanda).

O apresamento do “Río Mau” semella un proceder moi dubidoso, xa que neste caso as propias autoridades irlandesas admiten que houbo un erro á hora de estimar as capturas de rape e rapante a bordo.

O certo é que Irlanda ven de apresar por terceira vez un barco de capital galego no que vai dun ano para aquí. Son os casos do palangreiro de Burela “Virxen da Blanca”, ou máis recentemente o tamén palangreiro “Mestre Bobicha” con armador de Ribeira e pavillón portugués. Ao igual que no caso do “Río Mau”, as presuntas infraccións entendemos que non poden ser consideradas como algo grave, polo que resulta excesivamente rigoroso desviar a un barco a porto, rételo e impoñer





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sancións elevadísimas baixo a ameaza de que vai ser resolto a saber cando por un xurado popular, nunha sociedade irlandesa na que aínda perduran prexuízos de antano contra á pesca galega.

Hai que lembrar que estas infraccións son sempre detectadas en “augas xurisdicionais da UE”, polo que Irlanda non ten un dereito exclusivo sobre elas.

Débase tamén sinalar que a flota galega leva realizado un gran esforzo social e económico para adecuarse aos recursos, e se hoxe o Gran Sol ten un bo estado de conservación débese en gran medida a este sacrificio do noso sector. Por iso non é de recibo este acoso ao noso sector pesqueiro.

É preciso que o Goberno español realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e tamén que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español solicitando que realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas de estados da UE.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:31:32

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:31:43

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:31:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:31:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:32:06

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:32:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Grupo Ferroatlántica SAU, filial ao 100 % de Ferroglobe plc acordou a venda do 100 % da sociedade Ferroatlántica SAU (FAT-Xallas) que contén as fábricas de Cee e de Dumbría xunto coas centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Polo que FAT-Xallas pasa a ser unha empresa independente do grupo Ferroatlántica, sendo a responsable das operacións das fábricas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, non supoñendo, polo tanto, ningún cambio en canto a dereitos e obrigas e, en particular, sobre o centro de traballo formado polas ditas fábricas e as centrais hidroeléctricas. A titularidade dos dereitos concesionarios levan aparellados unha serie de condicións incluídas nas correspondentes resolucións administrativas:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non se poderán segregas de Ferroatlántica S.L, as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica S.L, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o cumprimento das condicións da concesión, tanto en relación coa non segregación das actividades de produción de ferroaleacións e enerxía eléctrica, canto á presentación dun plan de viabilidade e investimentos para as actividades de ferroaleación.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2019 17:23:27

María Dolores Toja Suárez na data 16/09/2019 17:23:49

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/09/2019 17:26:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/09/2019 17:26:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á rede natura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia.

Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO:

Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

período de participación ampliase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión bioxeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.

Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012.

A realidade é que pasaron máis de 7 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e 11 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a:

1. Continuar cos trámites de ampliación da Rede Natura, a partir da proposta sometida a información pública no ano 2012, co obxecto de que entre en vigor no ano 2020.
2. Solicitar ao Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) un informe a respecto do estado dos espazos incluídos nas propostas de ampliación da Rede Natura do 2008 e 2012, no que se inclúan as actuacións e agresións derivadas da instalación de parques eólicos, minicentraís, explotacións mineiras e plantacións forestais.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Revisar o Plan Director da Rede Natura 2000 aprobando un Plan de xestión específico para cada un dos lugares da Rede, tal como esixiu a Comisión Europea no informe do ano 2015.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:48:53

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:49:02

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:49:09





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:49:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:49:26

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:49:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao ente público ferroviario e o tren de cercanías.

O 20 de abril de 2010, a Xunta de Galiza fixo público o inicio dos trámites para a creación do Ente Público Ferroviario de Galiza. Nesta data publicouse no DOG a licitación do contrato de servizo para elaborar o proxecto de lei deste organismo, por un importe de 180.000 euros.

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eles de menos de 50 MW para que a tramitación corresponda á Xunta de Galiza e deste xeito acollerse aos beneficios e trato de favor previsto na Lei de depredación.

2º O Consello da Xunta concedeulles no mes de maio de 2018 no mesmo acto administrativo a declaración de “proxecto de interese especial”, o que leva consigo a tramitación prioritaria, a redución á metade dos prazos, a declaración de utilidade pública e en xeral a prevalencia dos intereses da empresa promotora sobre calquera outro.

3º Ademais de dividir o megaparque en tres máis pequenos, os parques resultantes foron “amañados” para ubicalos en máis dun concello e así acollerse aos beneficios da declaración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

4º A división do megaparque en tres ten como finalidade tamén evitar a avaliación ambiental do conxunto e dos efectos sinérxicos que as instalacións teñen sobre os ecosistemas, paisaxe, especies, territorio, actividades económicas tradicionais, núcleos de poboación, etc. Trátase dun burdo fraude de lei que foi evidenciado por diferentes sentenzas xudiciais, entre elas a do Tribunal Supremo do 30 de marzo de 2017, que confirma a fragmentación artificial do que debía ser un único parque eólico. Nesta sentenza rexéitase o recurso de casación presentado pola Junta de Castilla y León e Gamesa contra a sentenza de data 26 de xuño de 2014 ditada pola sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León. Velaquí a argumentación do Tribunal Supremo:

“Es claro que ha existido en este caso una fragmentación artificial de lo que hubiera debido ser un único parque eólico, y no se ha seguido, pues, la correcta calificación del régimen jurídico de las instalaciones litigiosas en función de la potencia instalada. Los artículos mencionados 27 y 28 de la Ley del Sector Eléctrico no se





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vulneran por dicha valoración judicial razonada de que se trata de un proyecto único que determina los límites de potencia a los efectos del régimen de producción de energía eléctrica (la producción de energía eléctrica tendrá lugar en régimen especial cuando se realice desde instalaciones con una potencia instalada que no supere los 50 MW)”.

“En fin, la Sala reconoce el carácter unitario del conjunto de elementos que componen un solo parque eólico, tras ponderar de forma razonable las consecuencias que derivarían de una visión dividida o fraccionada de las instalaciones que impediría, entre otros aspectos, realizar una adecuada evaluación del impacto ambiental, valorando así de forma expresa y singular los estudios medioambientales realizados, razón por la que ha de rechazarse el motivo de casación”

5º A construción destes tres parques eólicos, tanto a instalación dos muíños como as pistas, liñas de evacuación eléctrica e estacións de transformación, etc. supoñen unha ameaza para a Centaurea Ultraia, unha planta catalogada como “en perigo crítico de extinción” no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril). Trátase un endemismo galego con unha poboación mundial composta por pouco máis de 6.800 individuos distribuídos en dúas cuadrículas de 10x10 km arredor do Monte Castelo e da Lagoa de Alcaían.

6º Cómpre tamén ter en conta que a Lagoa de Alcaían foi proposta polo goberno da Xunta para a ampliación da Rede Natura (2012), dentro da ampliación do LIC Río Anllóns, polos seus excepcionais valores ecolóxicos e a presenza de especies raras entre as que se encontran outras especies endémicas en perigo de extinción ou vulnerábeis como a *Lycopodiella inundata*, a *Euphorbia uliginosa* ou a *Spitanthes aestivalis*, que xa foron obxecto de agresións en 2016 como consecuencia das obras de apertura dunha pista por parte da consellaría do Medio Rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Lagoa de Alcaían aparece incluída no Catálogo de Humidais de Galicia, coas conseguíntes restricións e limitacións previstas no Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

Por outra parte, como mostra dos seus extraordinarios valores ambientais e paisaxísticos, a lagoa foi incluída no Catálogo de Paisaxes de Galicia, coa categoría de Área de Especial Protección Paisaxística (decreto 119/2016, do 28 de xullo).

7º Os citados parques e a Liña de Alta Tensión teñen un impacto moi negativo sobre o territorio, sobre o patrimonio cultural, sobre os recursos hídricos, sobre a actividade económica tradicional do territorio e sobre os asentamentos humanos. A realidade é que estes proxectos están pensados para favorecer intereses privados e alleos ao territorio, xerando beneficios millonarios para as empresas promotoras e causando graves prexuízos á poboación local, á paisaxe e aos ecosistemas. A este respecto cómpre ter en conta os datos publicados pola empresa Greenalia Power S.L., os 7 parques que promove en Galiza, entre os que se encontran os tres citados, van supoñer máis de 1.000 millóns de euros de ingresos por venda de enerxía ao longo de 25 anos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a deixar sen efecto a tramitación dos proxectos de parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural, de 42, 46,2 e 21 MW de potencia, promovidos pola empresa Greenalia Power nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia, así como o proxecto de LAT Campelo-Mesón asociada aos citados parques, polas deficiencias na tramitación, polo fraude de lei que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

supón a fragmentación dun único parque en tres, polo elevado impacto ambiental sobre ecosistemas e especies de grande valor, e polos efectos negativos sobre o territorio, as actividades económicas tradicionais e a poboación.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 19:05:25

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 19:05:30

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 19:05:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 19:05:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 19:05:58

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 19:06:13



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**

Exposición de motivos

Unhas obras para a renovación do alcantarillado e colocación de tendido eléctrico sacaron a relucir unha sauna da época castrexa cun estado de conservación óptimo no concello de Cervo.

A estrutura, composta en principio por catro estancias cuadrangulares e duns tres metros e medio de altura, achábase sepultada baixo area de praia, entre casas habitadas e oculta polo firme asfaltado da rúa do Faro, no enclave da península da Atalaia.

O director do control arqueolóxico da obra, Emilio Ramil, asegurou que a edificación está "case intacta".

Podíase ver a falsa bóveda —que normalmente nas outras escavacións non se conserva—, o tanque ou piscina na que se colocaban pedras quentes, o banco corrido e o que podería ser o forno. Tamén está a "pedra formosa", un monólito en forma de enorme parede plana que servía de separación entre estancias e daba acceso, por unha diminuta porta pola que había que pasar arrastrándose, á sala de vapor.

Suponse que a sauna daba servizo ao castro que na Idade do Ferro ocupaba toda a península, ocupada tamén durante a romanización e a Idade Media, como revelan os sucesivos achados de cerámica castrexa, de terra sigillata e medieval.



Ante este achádego a intención do Concello de Cervo e das entidades de defensa do Patrimonio foi escavar, documentar o conxunto patrimonial e, se for posible, deixar á vista a sauna e musealizala.

A realización da escavación, a documentación e o estudo dos restos é o que aconsella o sentido común pero non foi o que decidiu a Dirección Xeral de Patrimonio, parece ser, xa que posteriormente se ordenou tapar a sauna.

Incluso pasou por riba, podendo causar danos, unha máquina apisoadora.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Ordenar que se realice a escavación, documentación e estudo da sauna da Idade do Ferro aparecida na Atalaia, destinando os recursos necesarios para tal fin.
- 2) Se se confirma a importancia do achádego, consensuar co Concello de Cervo unha obra para a posta en valor do elemento patrimonial.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceiro e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 17/09/2019 11:27:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/09/2019 11:27:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A Festa da Vendima de Leiro celébrase cada ano dende hai tres décadas para lembrar o carácter festivo da recollida da uva e enxalzar o que é un dos motores económicos do Ribeiro, cunha profunda tradición vitivinícola. Entre as súas actividades máis importantes atópase o desfile de carrozas relacionadas coa vendima.

No ano 2014 o Concello de Leiro anunciou a tramitación do expediente para declarar a Festa de Interese Turístico por acordo no pleno deste Concello. En outubro do ano 2018 o Alcalde deste concello anunciaba que debido a problemas técnicos no cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión desta distinción, debía iniciarse de novo a tramitación deste expediente.

Segundo se recolle na *Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*, no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, no capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia se sinala que “*a declaración se fará segundo se determine regulamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan. Donde se valorará positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia*”.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración das festas de interese turístico de Galicia, desenvolve a previsión legal, concretando os requisitos que deben cumprirse para optar á declaración de festa de interese turístico de Galicia, os seus efectos, así como o procedemento para a declaración, a súa vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia. Corresponde ao Consello de la Xunta de Galicia, previa instrución do expediente



pola Axencia de Turismo de Galicia, a competencia para a declaración de festas de interese turístico de Galicia de acordo os artigos 4 e 93 da Lei 7/2011, do 27 de outubro. Tal e como se indica no propio regulamento, o procedemento para a declaración de festa de interese turístico de Galicia iniciárase por solicitude de entidades interesadas, sexan de carácter públicos ou privados, previa consulta ao concello onde se celebre, salvo no caso de que sexa o propio concello o que formule a solicitude de iniciación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apoiar a declaración da Festa da Vendima de Leiro como de interese turístico.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 11:47:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/09/2019 11:47:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2019 11:47:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 11:47:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O persoal técnico da equipa número 2 da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, con sede en Vigo, rexistraban no mes de xullo un escrito de solicitude de reparto equitativo e aleatorio (non discrecional) dos novos expedientes que vaian entrando nese servizo. No mesmo escrito advertían que a actual distribución pode supoñer a falla da atención precisa aos expedientes e os retrasos na súa tramitación. As causas desa solicitude non son outras que a sobrecarga no traballo desa equipa, como consecuencia do cambio na organización do servizo que se fixera no mes de febreiro deste mesmo ano.

No Servizo provincial hai actualmente seis equipas, formadas por 6 persoas cada unha, e salvo a equipa número 2, que ten só 5. A maiores, a media do número de expedientes de cada equipa ronda os 65, mais a realidade do traballo non é a mesma. Como exemplo, esta equipa asumiu, cando menos, un 40 % máis de expedientes novos que o resto do servizo, segundo denunciaban en xullo o persoal técnico.

O anterior amosa unha pésima organización do traballo por parte das persoas responsables do Servizo e, en último termo, polos responsables políticos do Goberno galego, afectando directamente ás persoas usuarias, é dicir, menores es as súas familias.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mudar o sistema organizativo da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social para evitar a sobrecarga no traballo dalgunha das equipas, acordando unha distribución equitativa e un reparto aleatorio dos novos expedientes entre as distintas equipas existentes.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 12:24:57

María Luisa Pierres López na data 17/09/2019 12:25:09

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 12:25:27

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 12:25:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 12:25:55



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención sanitaria en O Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que ven prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios. Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida. Durante este verán os veciños e veciñas veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo Goberno de Núñez Feijoo, pola que non se substituíron os e as profesionais de vacacións e perdeuse o servizo de pediatría.

O Concello de Meis, comprobando a ineficiencia da Consellería de Sanidade, vén de iniciar unha recollida de sinaturas contra o abandono e desleixo que se notou este verán, e demandando a cobertura axeitada á maior brevidade. Esta acción vén acompañada dunha convocatoria de mobilización cidadá, como xa ten ocorrido noutros puntos da comarca en recentes datas como O Grove, Ribadumia ou A Illa, por motivos semellantes.

A pesares das queixas, o Goberno de Núñez Feijoo continúa coa súa política de recortes e de non explicacións aos concellos e persoas afectadas, polo que a situación parece enquistarse complicando a situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Garantir a mellor calidade de atención sanitaria a veciños e veciñas de Meis nos seus propios puntos de asistencia e cos profesionais axeitados para elo.
2. Diseñar un plan de contratación de persoal para o sistema sanitario público que permita afrontar con maiores garantías as necesidades de substitucións das distintas categorías profesionais, para ofrecer a maior calidade asistencial posible.
3. Remitir ao Concello de Meis información sobre a situación actual da atención sanitaria neste municipio, e as previsións de cobertura de persoal para o restante período do ano.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 13:07:17

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 13:07:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 13:07:37



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O medio ambiente é o soporte vital para a humanidade, do que nos esquecemos nalgún punto e hoxe está a piques de volverse unha situación irreversible.

Causas da crise climática en Galicia:

No noso país temos os grandes lumes, que van camiño de converterse en lumes de 6^a xeración. Temos constancia de lumes que asolaron o noso país en febreiro do ano 1989, cando faleceron 4 persoas e ardeu o noso país por mor da seca producida desde inicios do ano. A vaga de lumes continuou desde xullo a outubro e nela calcináronse 200.000 hectáreas, que recordan a algunhas das vagas de lumes máis recentes. Neste mes de setembro especialmente duro para Galicia posto que se queimaban en dous días máis de 1000 hectáreas e nesta fin de semana pasada 700 en varios incendios que castigan na maior parte ás zonas do interior de Lugo e Ourense, máis despoboadas, e onde máis biomasa sen control existe, precisamente por esa despoboación. Noutros incendios como o pasado de Cenlle, Ourense, obrigaba a cortar unha autovía a A-52. O incendio de Monforte e os que afectan maioritariamente na Gudiña na que levan ardidadas case 1000 hectáreas débense a deforestación das frondosas autóctonas e a substitución



por eucalipto nýtens e o pino, nunhas políticas máis próximas a obter beneficios e alta rentabilidade que a unha verdadeira política forestal.

As emisións de gases á atmosfera, mediante uso desde o máis insignificante desodorante, matamoscas, ata as emisións de grande fábricas como a da central térmica das Pontes, a contaminación das augas e a non depuración das mesmas, (lembrar que a UE acaba de sancionar ao Estado por non aplicar a normativa de depuración de augas residuais en zonas urbanas), o uso de plásticos sen control, a man en definitiva das persoas vai rematar por acelerar unha crise climática á que se non lle poñemos freo nos levará irremediabilmente a un caos climático, no que só estamos a ver as primeiras consecuencias, con estes lumes voraces, e con as riadas e asolagamentos que se produciron en contraste noutras zonas do Estado, impropias deste mes, e impredecibles, que remataron traxicamente na perda de vidas humanas, e tamén na perda de recursos das persoas.

Consecuencias para Galicia da crise climática:

Veráns máis quentes e secos, con temperaturas que non se acadaran nunca no noso país, incremento das temperaturas medias anuais, invernos con pouca choiva, e temperaturas suaves.

Por contraste, cando se producen fenómenos meteorolóxicos típicos: tormentas, nevadas, cicloxéneses: as nevadas veñen a deshoras, provocando danos importantes como as causadas no ano pasado no que miles de árbores pereceron polo propio peso de ter as follas e froitos e que esgazaron ata secar e morrer, grandes cantidades de auga en pouco tempo que producen inundacións e desfeitas, ou xeadas intensas que prexudican ao sector agrario.

Invasións doutras especies como a avespa do castiñeiro, e a avespa asiática, invasión de especies que asolagan as augas limpas, matando a vida que hai nelas e que esixen, como no caso das mimosas e cianobacterias nos embalses, caranguexo vermello americano, o sapoconcho de Florida ou o visón americano nos ríos galegos, empregarse a fondo para combater a expansión descontrolada.



Neste contexto surxe a primeira norma recoñecida ou EMAS ou “Eco-Management and Audit Schem”, un Regulamento 183/1993 da UE relacionado cos Sistemas de Xestión Ambiental que facilita a participación de xeito voluntario das organizacións dos diferentes sectores industriais no Programa Europeo de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS), co fin de protexer a economía e o medio ambiente.

O Regulamento EMAS solicita aos diferentes estados membros da UE o establecemento de estruturas administrativas que apoien o programa e que permitan que as organizacións participen voluntariamente, desenvolvendo política e accións relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible tal e como establece no Tratado da UE asinado en Maastrich no ano 1992.

O Regulamento di que son as organizacións as que teñen que ter a súa responsabilidade á hora de xestionar o impacto ambiental que xeran coas actividades.

Este regulamento EMAS modificouse varias veces desde o nacemento co 1863/1993; 761/2001, 1221/2009, no que se realizan documentos de referencia sectorial, 1505/2017 e a última 2026/2018.

Nos documentos de referencia sectorial, que se manexan desde a última modificación, inclúese un específico dirixido á administración. Neles contéñense as mellores prácticas de xestión medioambiental, os indicadores de comportamento medioambiental e os parámetros comparativos de excelencia e sistemas de cualificación dos diferentes niveis de comportamento medioambiental.

As auditorías ambientais realízanse para controlar o desgaste e o abuso que o tecido empresarial exerce sobre o medio natural, e intentar reducir ese dano que se xera coas actividades produtivas logrando a maior eficiencia enerxética posible.



Que facer?

As empresas, industrias, organizacións, administracións, etc., que cumpren a normativa de protección do medio ambiente e a prevención de actividades contaminantes fano a través da norma ISO 14001, que recolle os estándares mínimos que deben cumprir as empresas, e teñen uns obxectivos fixados en función da avaliación do impacto das súas actividades no medio ambiente.

As auditorías son a avaliacións da efectividade das medidas que a empresa adopta para a preservación do medio ambiente, incidindo nos ámbitos nos que é posible mellorar propondo medidas correctoras.

Estas auditorías recollen a información sobre o funcionamento da empresa que permite control, planificación e corrección das actividades que comprometen o medio ambiente e permiten ir innovando, o que aforra custes as empresas e organizacións que contan con estes sistemas de xestión e auditoría ambiental.

É necesario pois realizar unha auditoría climática, para saber o grao de cumprimento da normativa medioambiental e no seu caso propor as medidas correctoras necesarias no ámbito de toda a Administración pública galega e saber se se cumpre efectivamente a normativa relativa a sistema de xestión ambiental e auditorías medioambientais e os documentos de referencia sectorial aprobados, e que entraron en vigor en maio do 2019.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar auditorías ambientais en toda a administración pública galega, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos e verificar o grado de cumprimento do Regulamento 1221/2009, e a Decisión 2019/61 sobre o documento de referencia sectorial



sobre as melloras prácticas de xestión ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da administración.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2019 17:30:52

Paula Vázquez Verao na data 17/09/2019 17:31:09

David Rodríguez Estévez na data 17/09/2019 17:31:46

Francisco Casal Vidal na data 17/09/2019 17:31:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos.

O Pacto contra a Violencia de Xénero aprobado o 13 de maio de 2019 recolle unha serie de medidas, entre elas a visibilización das vítimas indirectas da violencia contra as mulleres: familiares, amigas e amigos e entorno máis íntimo da muller que sofren a violencia machista, recolléndolas nas estatísticas oficiais.

Vemos con impiedade que estas vítimas non se contabilizan segundo o recollido no Pacto e que é urxente que se fagan realidade esta contabilización porque da idea da magnitude dos asasinatos reais que a lacra da violencia machista provoca na sociedade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao goberno do Estado para contabilizar nas estatísticas oficiais as mulleres asasinadas, e aquelas outras vítimas indirectas da violencia, como son os familiares, amigas, amigos, etc., segundo o recollido na medida 242 do Pacto contra a Violencia de Xénero.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Voceiro, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2019 18:08:52

David Rodríguez Estévez na data 17/09/2019 18:09:03

Paula Vázquez Verao na data 17/09/2019 18:09:11

Francisco Casal Vidal na data 17/09/2019 18:09:20





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a implantación da coeducación nos centros de ensino público de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”.

Así define a coeducación o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galiza 2016-2020 que sitúa como primeiro dos seus eixos “afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas”.

Porén, malia que a Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista exige a elaboración por parte do Consello escolar de Galiza, en colaboración co departamento da Xunta competente en materia de igualdade, dun informe anual sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza (artigo 22.3), este non se ten feito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, descoñécese cal é a realidade concreta da implantación dun ensino realmente coeducativo no noso país, cantos centros contan con Plans de igualdade e cantos con persoas e/ou equipos que traballen de maneira integral neste ámbito coordinando as actividades en igualdade e coeducación.

Para o Bloque Nacionalista Galego o sistema educativo é un espazo chave na loita contra a violencia machista e a prol dunha sociedade xusta e democrática na que ningunha persoa sexa discriminada por razón de sexo, identidade de xénero ou orientación sexual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Remitir aos grupos parlamentarios no prazo dun mes o informe anual sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza previsto na Lei 11/2007. Este informe deberá avaliar, tamén, o grao de cumprimento das medidas previstas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galiza 2016-2020.

b) Impulsar a aprobación de Plans de igualdade en todos os centros de ensino do país pulando, tamén, pola creación de equipos específicas e amplas de igualdade nos centros de ensino que deberán contar, entre outras, coa representación da dirección e o departamento de orientación. Para tal fin a Xunta de Galiza garantirá os medios humanos, materiais e económicos que sexan precisos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Suprimir os concertos cos centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2019 18:30:27

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2019 18:30:35

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2019 18:30:41

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2019 18:30:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2019 18:30:56

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2019 18:31:04



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os meses de verán tenden a xerar certas dificultades de xestión no sistema sanitario pola necesidade de conxugar as vacacións do persoal que traballa regularmente no sistema coa calidade asistencial que se precisa para dar servizo á cidadanía. En todo caso, a previsibilidade dos cadros horarios e de quendas dos/as profesionais manéxase con tempo de antelación para que os responsables de xestión poidan desenvolver as previsións axeitadas.

No caso específico da atención primaria en centros de saúde e de atención urxente nos PAC, a situación debe regularse por normativas estandarizadas preexistentes, que delimitan o volume de profesionais necesario para cada centro sanitario, así como as dotacións de equipos e materiais no caso da atención urxente.

De maneira específica, semella natural ter en conta os fluxos poboacionais existentes no verán, que tenden a desprazarse cara poboacións de costa, nomeadamente as máis destacadas en termos turísticos. A isto súmanse as celebracións específicas de cada localidade/zona e os eventos culturais ou deportivos, tamén moi presentes nestas épocas e, especialmente, nos lugares xa sinalados de maneira turística. A comarca de O Salnés conta con varios puntos de acumulación de poboación de maneira notoria durante o verán, é un entorno que precisa especial atención durante estas situacións, para que o sistema de saúde poida dar as respostas necesarias no caso de necesitalas.



Non en tanto, este verán de 2019 resultou ser o máis caótico e desorganizado que se lembra na xestión do sistema público de saúde. Existen numerosos exemplos que sinalan unha falta de previsión e un resultado nefasto da política de recortes do Goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia. O centro de saúde de O Grove sufriu a ausencia nalgunha ocasión de ata 5 dos 6 médicos/médicas que teñen praza, o que imposibilita que 1 soa persoa poida afrontar o traballo de 6. Existiron ocasións diversas no verán onde o PAC de Vilagarcía contou con soamente 1 facultativo/a cando debera ter 3 debido ao volume de poboación que atende. Isto provocou que o PAC quedara varias veces sen facultativo/a presente ante a chegada de cidadáns, por ter que ter saído a unha urxencia. Notorio é o caso do PAC de Baltar (Portonovo), que convértese no PAC de referencia para un volume de poboación dos maiores de Galicia no verán, e que veu como incluso a falta de previsión levou a que algún profesional de PAC próximos tivera que deixar a súa praza nalgún día para trasladarse durante a quenda a Baltar.

A estas deficiencias súmanse as necesidades nunca resoltas en termos de infraestruturas, coas reivindicacións dos necesarios centros de saúde de O Grove, Vilagarcía (e o moi próximo de Caldas, que repercute tamén na atención dalgúns veciños da comarca). Tamén as demandas sobre unha correcta dotación de recursos materiais no servizo de urxencias, como é a dotación dunha ambulancia medicalizada completa e totalmente dotada de material e recursos humanos, son un debate eterno no que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia segue a dar as costas aos veciños e veciñas de O Salnés.

A tremendamente deficiente cobertura das baixas e vacacións (practicamente nula) deixa en problemas a calidade asistencial, así como os recortes de persoal nos centros de saúde, xa que os pacientes que non son atendidos a tempo no horario estandarizado (por estar os/as profesionais saturados ao ter que asumir os cupos dos ausentes) acoden ao PAC recargando o volume asistencial.

Durante os últimos 10 anos, o goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia deixou de solicitar ata 150 prazas de formación MIR para especialistas en



medicina de familia e comunitaria, o que sumado á deficiente política de Recursos Humanos que paralizou os acordos de progresiva mellora das condicións laborais contribuíu, indubidablemente, a que Galicia se converta nunha das comunidades autónomas de España que peores condicións ofrece aos profesionais sanitarios. Esta situación provocou a conseguinte perda de capacidade para reter facultativos, profesionais de enfermería, auxiliares, etc.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Comprometer a mellora das condicións laborais do persoal sanitario do Sergas, para poder afrontar con maiores garantías os procesos de substitución e de reordenación de recursos humanos, de cara a garantir a mellor dotación de persoal posible para asistencia sanitaria en atención primaria.

2) Abrir un proceso de diálogo cos representantes municipais, e os profesionais que sexan considerados necesarios, para establecer un plan de necesidades para a comarca do Salnés, que contemple as necesidades en infraestruturas, recursos materiais e humanos. Este proceso afrontará, como mínimo e entre outras, a situación existente respecto de:

- a) Novos centros de saúde necesarios na comarca.
- b) Ordenación dos recursos humanos en función das necesidades asistenciais.
- c) Dotación de recursos para os servizos de urxencias.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2019 17:44:57





Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2019 17:45:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2019 17:45:16



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**

Exposición de motivos:

As mulleres do rural raramente son o foco de atención, polo que os desafíos aos que se enfrontan non soen ser tidos en conta, xa que non soen ser escoitadas nin as súas opinións valoradas.

É primordial que se recoñeza non so a gran contribución das mulleres no campo, na produción agrícola, etc. senón tamén que ese recoñecemento se traduza en políticas que transformen a realidade do rural coa presenza e participación activa das mulleres.

As mulleres do medio rural enfróntanse a grandes desafíos como as dificultades de acceso aos diferentes recursos (propiedade da terra, educación...) á invisibilización do seu traballo (gran parte das actividades produtivas que realizan están ligadas ao ámbito doméstico, menos valorado socialmente que outros ámbitos), etc.

Coidar aos/ás fillos/as, coidar dos/as familiares maiores, asumir a xestión doméstica, traballar no campo, etc., son tarefas habituais que realizan maioritariamente as mulleres, carecendo en moitas ocasións de vacacións e do máis mínimo recoñecemento pola súa labor. Son moitas, pero invisibles.



A continuidade de determinados ecosistemas e formas de produción e vida no rural dependen do mantemento dunha estrutura social mínima e os seus cimentos básicos son as persoas, nomeadamente, as mulleres, que queren ter os mesmos dereitos polo mesmo traballo, que queren protagonizar as súas vidas sen depender de ninguén, acceder ao mercado laboral, ocupar postos de representación, formarse, informarse, etc., etc.

A modo de exemplo, a titularidade compartida é un primeiro paso para a visibilización do traballo de agricultoras e gandeiras nas explotacións familiares (titularidade que ata non fai tanto tempo era case exclusiva dos homes, alcanzando estes aproximadamente o 72%), pero a burocracia, desidia por parte das administracións e falta de información para as mulleres fixo que o seu espazo figurativo fose ínfimo.

Para fixar poboación no rural é preciso facer unha análise de cada contexto concreto, e adecuar as medidas á realidade social de cada un, inda que haxa eixos comúns:

É fundamental a procura, estímulo e impulso de novos xacementos de emprego, a atención ás aspiracións e expectativas das mulleres xoves que seguen no medio rural, a apertura á participación das mulleres en tódolos aspectos da vida local, non so en actividades agrícolas senón buscando fórmulas innovadoras, sen esquecer necesidades sociais que teñen vetas sen cubrir (ampliación de recursos de Servizos Sociais en servizos de proximidade, fomento do cooperativismo e a economía social no sector dos coidados, do fomento do turismo social, etc.).

Para que estas potenciais propostas teñan sentido pleno, é fundamental traballar e por en valor (no canto de desmantelar como se tenta facer dun tempo a esta parte) a descentralización de certos servizos, recursos e equipamentos. Un axeitado transporte público no rural e a conexión coas vilas e cidades próximas é algo esencial.



Tódalas políticas públicas teñen que abordar e buscar solucións ás especificidades do medio rural, que son moitas e diversas (despoboamento, illamento, carencia de recursos públicos de proximidade, etc.). E unha cousa é segura: se perdemos de vista a perspectiva de xénero, as desigualdades seguirán reproducíndose. A débeda histórica da sociedade en xeral e da clase política en particular coas mulleres do rural é enorme.

Debemos promover o aumento da participación das mulleres no mercado laboral e conseguir a súa independencia económica, reducir as diferenzas retributivas entre mulleres e homes, impulsar a igualdade na toma de decisións, fomentar o equilibrio entre responsabilidades familiares e profesionais, acabar coa violencia sexista que ataca gravemente ás mulleres do medio rural, protexer e axudar ás vítimas, etc.

A loita por unha igualdade real no rural é a chave para frear o despoboamento, o éxodo e a desordeación do territorio. É tarefa de toda a sociedade e de todas as institucións garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no medio rural, porque detrás de cada explotación familiar para a que non hai relevo, detrás de cada muller que abandona o seu pobo, atopamos graves problemas: avellentamento da poboación e éxodo cara as cidades, problemáticas que afectan de xeito moi importante ao noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Elaborar un Plan integral para a promoción das mulleres do medio rural antes de que remate a lexislatura.



- 2) Instar a todas as institucións e administracións públicas a que promovan, desenvolvan e poñan en marcha todas as medidas legais posibles destinadas a proporcionar un trato xurídico igualitario ás mulleres que se dedican ao sector primario no medio rural.
- 3) Propiciar cantas accións sexan posibles de cara ao recoñecemento e visibilización das mulleres, é dicir, o seu apoderamento, ante calquera situación e en calquera ámbito.
- 4) Impulsar políticas activas e as axudas necesarias que permitan compaxinar a vida laboral no campo coa actividade familiar.
- 5) Adoptar as medidas tendentes a mellorar as cotas femininas nas organizacións agrarias e gandeiras, como medio para lograr un trato equilibrado e igualitario no sector.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 18/09/2019 18:05:44

Luis Villares Naveira na data 18/09/2019 18:05:57

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2019 18:06:36

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2019 18:07:06



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada e deputados, **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos.

A gran superficie forestal e o despoboamento do rural son algúns dos factores que fan que a comunidade galega sexa cada verán terreo abonado para os incendios.

Un dos instrumentos para a loita contra o lume son os plans municipais de prevención, documentos cos que non contan a maioría dos concellos, a pesares de ser obrigatorios pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, aprobada fai doce anos para todos os concellos galegos con alto risco de incendio, 195 segundo o último Pladiga.

Un plan local de prevención de incendios forestais é, segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un documento no que se regulan as actividades e usos susceptibles de xerar incendio forestal e se deseñan as infraestruturas de prevención necesarias respecto diso. O seu obxectivo é diminuír a probabilidade de que se produza un incendio, minimizar os tempos de detección e resposta dos medios de extinción e reducir o perigo do incendio forestal unha vez producido.

A Fiscalía de Medio Ambiente enviou un escrito en xullo do ano pasado a máis de 150 localidades españolas reclamando aos seus rexedores e rexedoras información sobre os plans de prevención de incendios e lembrándolles a obriga de elaboralos, dada a súa condición de localidades con alto risco de verse



afectadas polo lume. No caso de Galicia, a misiva enviouse a 63 Concellos, segundo asegura a plataforma Civio, pero a realidade é que carecen deste plan moitos máis, a pesares de ser Galicia onde máis notificacións se remitiron, con máis do 40% das localidades sinaladas, 63 dun total de 152.

As advertencias da Fiscalía estaban unicamente dirixidas a localidades das provincias da Coruña e de Pontevedra, esquecendo a totalidade das provincias de Lugo e Ourense, tendo en conta que nas últimas décadas é precisamente a provincia de Ourense a que sofre os incendios de maior extensión, en parte debido ao despoboamento dos concellos promovido polas políticas da Xunta. No escrito sinalábase que “a ausencia dun plan de prevención de incendios pode ser obxecto de análise dende o punto de vista causal nunha investigación penal concreta, na medida en que se poida chegar a valorar como un factor coadxuvante na produción, extensión ou difusión dun incendio forestal concreto”.

O pasado ano, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), a Xunta e SEAGA asinaron un convenio para a limpeza das faixas de protección ao redor dos núcleos habitados e outras instalacións. O convenio incluía a posibilidade de crear un plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. En virtude dese convenio, segundo a FEGAMP, na actualidade, un total de 97 concellos contan cun borrador do plan, estando algúns xa adaptados e aprobados.

O incumprimento normativo de diversos Concellos neste sentido, ven derivado da complexidade na elaboración destes documentos, motivo que conlevou o apoio da administración autonómica a través dunha adenda no convenio coa FEGAMP e SEAGA pola que se lles ofertaba apoio técnico e informático aos Concellos. Esta colaboración amosouse insuficiente, pois deu servizo a un escaso número de Concellos afectados.

Un dos criterios empregados para a selección de municipios aos que se lles enviou borrador do plan de prevención foron cuestións urbanísticas, pois



elaboraron con máis rapidez os daqueles concellos cuxos Plans Xerais de ordenación Municipal (PXOM), estaban actualizados ou cuxos núcleos estaban máis agrupados, por resultarlles así máis sinxelo delimitar as franxas secundarias ou de protección, un dos elementos principais que debe recoller o plan de prevención.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Poñer todas as medidas necesarias á disposición dos Concellos en risco de verse afectados por incendios forestais para elaborar plans municipais de prevención, ante a incapacidade dos gobernos municipais de asumir esa tarefa por si sos.
2. Ampliar o convenio entre a Xunta, a FEGAMP e SEAGA para que todos os concellos en risco de verse afectados por incendios forestais poidan asinalo, e non só os seleccionados seguindo criterios como as precipitacións previstas nos citados concellos ou o número de habitantes.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019.

Asdo: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Francisco Casal Vidal
Deputada, deputados e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2019 10:51:12

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2019 10:51:22

Luis Villares Naveira na data 19/09/2019 10:51:36

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2019 10:51:49







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono en Ourense que fornece servizos para Naturgy e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza así como á valoración da compra por parte dun fondo chinés de investimento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexistrou unha batería de iniciativas ao ter coñecemento das ameazas de deslocalización da empresa Unitono de Ourense por derivarse carga de traballo a Reus e Colombia.

Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao, que opera en Ourense desde hai unha década, inicialmente nas proximidades do encoro de Velle para despois desprazarse á área industrial. É unha plataforma monocliente que traballa en exclusiva para Naturgy, antiga Gas Natural Fenosa. Neste momento hai 130 persoas traballando na





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plataforma, malia que noutros anos o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos.

Desde hai algúns meses a perda de funcións así como a baixada de chamadas foron levantando as alertas por parte dos e das traballadoras, que reiteradamente demandaron explicacións á empresa. Porén, esta negou a situación e o máximo que comprometeu no momento de asinar esta iniciativa foi poder asegurar dous meses sen tomar medidas contra as e os traballadores, cuestión de todo punto de vista inaceptábel.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobre esforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade. No mes de abril o Comité coñeceu como viña de abrir unha nova Plataforma en Reus e estaban a desviar carga de traballo para alí e para Colombia, e mesmo atoparon ofertas de emprego en portais de internet onde incluso valoraban positivamente o coñecemento de galego. Esta situación confirmou as sospeitas do Comité de empresa, que iniciou mobilizacións e contactos con todo tipo de colectivos, partidos políticos e institucións.

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.

3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no mes de setembro coñeceuse a compra de Unitono por parte dun fondo chinés, o que engade nova preocupación.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera necesario o compromiso da Xunta de Galiza a prol do mantemento dos postos de traballo e considera que unha eventual deslocalización desta empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sería especialmente grave, e por iso presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a:

1. Cumprir os acordos parlamentares do 30 de abril de 2019.
2. Abrir unha liña de negociación directa con Naturgy e co comprador de Unitono para manter os postos de traballo localizados en Ourense.
3. Encargar aos servizos xurídicos un estudo sobre as condicións legais da operación de compra.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 11:38:22

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 11:38:29

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 11:38:36

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 11:38:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 11:38:50

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 11:38:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Como é coñecido a Xunta de Galicia elaborou o Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, que segundo expón suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

No seu apartado 7. *Plans de actuación e accións prioritarias*. Contémplase a liña estratéxica 3 -*Conservación e mantemento do Camiño de Santiago*- que recolle no punto 3.1 *mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago co obxectivo de planificar e consolidar un servizo de mantemento continuado do Camiño que axude á súa conservación e protección, así como establecer un plan de sinalización homoxéneo e garantir a seguridade viaria do peregrino no Camiño de Santiago*.

Calquera peregrino que veña a Galicia facendo o Camiño a Santiago atoparase cunha dobre frecha amarela, e moi poucos elementos de xuízo para decidir por que ruta seguir, os peregrinos deben poder elixir entre o camiño orixinal e o alternativo. Aínda que todas as alternativas son válidas; todas levan a Compostela. Unhas son máis longas e outras máis curtas; unhas bonitas e outras aínda máis.

A deficiente sinalización destas rutas alternativas fai que, nalgún caso os peregrinos se perdan sendo isto unha mala publicidade para o Camiño.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no prazo máis breve posible, mellore a sinalización das rutas alternativas no Camiño de Santiago.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/09/2019 13:08:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2019 13:08:31

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2019 13:08:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2019 13:09:12



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia aprobou por unanimidade, no Pleno ordinario celebrado o 2 de decembro de 2015, unhas recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos. Estas recomendacións amplían e actualizan as que se aprobaran no mesmo órgano o 26 de outubro de 2010.

O documento sinala que os malos tratos e a violencia contra as mulleres constitúen un atentado contra o dereito á vida, a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas. Trátase de delitos que non se poden presentar como un crime pasional.

No punto IV das recomendacións se sinala a importancia de non confundir o morbo co interese social. Así mesmo no punto VI apúntase o deber de vixiar o uso de testemuñas próximas ao agresor e/ou á vítima. Non todas as testemuñas son igualmente fiables, como tampouco se igualan en interese informativo. Se ben é certo que algúns achegan, outros confunden información con opinión e dilúen o foco do problema con valoracións subxectivas. Cómpre seleccionar testemuñas e testemuños con criterio.

Todo asasinato machista, como o triplo asasinato machista que aconteceu en Valga recentemente, conleva unha cobertura e interese mediático importante. E é necesario que esas informacións cumpran estritamente con esas recomendacións.

Non é posible avanzar en igualdade se os propios medios públicos de comunicación dependentes da CRTVG transgreden as súas propias recomendacións.

Caer neste desleixo do cumprimento das recomendacións pode levar a unha revitimización da vítima que debe ser en todo momento evitado. É necesario esixir un tratamento serio, delicado e rigoroso que prime, ante todo, o respecto extremo perante as vítimas.



Como xa ten denunciado o propio colectivo Defende A Galega, as opinións dos veciños non achegan información; entrevistar a familiares do asasino para saber como se senten tampouco achega información, ambas circunstancias que se teñen repetido nestes días de cobertura mediática no entorno das vítimas de Valga.

O propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través dun comunicado lembra o propio día 17, un día despois do crime de Valga, a responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista. Fanse eco da cobertura que se está a dar destes caso e do importante que é non superar os principios da deontoloxía profesional do periodismo. Lembran a conveniencia de non recoller imaxes nin declaracións que atenten contra a intimidade ou a dignidade das vítimas nin das persoas afectadas, xa que engaden dor a unha situación que xa de por si é extremadamente dolorosa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a velar polo cumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en especial dos seus artigos 9 e 10 d “tratamento da información” e “convenios de autorregulación” solicitando da CRTVG o cumprimento escrupuloso e exemplar das recomendacións do propio consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos como código deontolóxico propio que nunca deba transgredirse.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Luisa Pierres López na data 19/09/2019 13:35:03

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2019 13:35:16

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2019 13:35:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/09/2019 13:35:37

María Teresa Porritt Lueiro na data 19/09/2019 13:35:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2019 13:36:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas dos seus deputados e deputada **Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia acaba de iniciar os trámites para autorizar a primeira universidade privada de Galicia abrindo a exposición pública o anteproxecto de creación da Universidade Intercontinental de Empresa, impulsada por a Fundación Galicia Obra Social-Afundación.

Chama a atención a atención a presentación deste anteproxecto sen que, nin as equipas das universidades públicas galegas, nin os grupos parlamento desta Cámara coñezan ningún dos documentos preceptivos para poder autorizar este proxecto.

En efecto, ninguén ten coñecemento nin da memoria presentada polos promotores desta universidade privada, nin dos informes citados na exposición de motivos do anteproxecto, nin de ningún outro documento do expediente administrativo. Desta forma é imposible saber si este proxecto cumpre os requisitos marcados pola Lei orgánica 6/2001 de universidades, pola Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia e restante lexislación aplicable.

Non coñecemos cales van ser as titulacións que quere impartir esta universidade privada cando o artigo 13.g da Lei do Sistema universitario de Galicia marca que o catálogo de titulacións ofertados por unha universidade privada deberá ser complementario e non reiterativo respecto as titulacións preexistentes e consolidadas no SUG, nin tampouco se a composición da equipa de profesorado cumpre os requisitos marcados pola Lei orgánica de universidades, por citar os requisitos mais evidentes.

Todo isto semella unha total falta de transparencia por parte da Xunta de Galicia ao tratar este tema tan sensible para o Sistema universitario de Galicia e é imposible que nin as universidades, nin os grupos políticos, nin a cidadanía interesada valoren este proxecto así coo a actuación da Xunta de Galicia.

Esta opacidade da Xunta de Galicia na súa actuación para recoñecer unha universidade privada está a crear unha lóxica preocupación en todo sector educativo



polos efectos que poda ter, sobre todo cando non hai ningún documento nin análise nin estudo que demostre que a creación desta universidade mellora o Sistema universitario de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a entregar de inmediato copia de todo o expediente de creación da universidade privada “Universidad Internacional de Empresa” as equipas das tres universidades públicas de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, así como a publicar na paxina web da Xunta de Galicia á memoria, os informes e todos os documentos relevantes para a solicitude da creación desta universidade privada.”

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López e
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2019 14:24:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2019 14:24:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2019 14:24:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luís Manuel Álvarez Martínez**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **56084 e 56085**.

Corrección de erros:

Na parte resolutiva da proposición non de lei onde di: “...universidade privada “Universidad Internacional de Empresa” as equipas...”, debe dicir: “...universidade privada “Universidad Intercontinental da Empresa” as equipas...”

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/09/2019 13:27:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2019 13:27:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2019 13:27:59





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativas ao fomento da vivenda.

1.O acceso a unha vivenda en réxime de propiedade ou alugueiro é unha auténtica odisea para unha parte importante da poboación traballadora, debido ao incremento de prezos, á baixada dos salarios e á drástica redución dos investimentos públicos en materia de vivenda.

Aínda que teoricamente a vivenda é un dereito recoñecido na Constitución, na realidade é un xigantesco negocio en mans de especuladores e da banca, da mesma banca que recibe millonarias axudas públicas que non ten que devolver e que se apropiou ao longo de máis dunha década de miles de vivendas de persoas que non puideron pagar os créditos.

Neste contexto, dáse unha situación dramática na que o pago da vivenda supón unha parte moi alta dos ingresos, sobre todo para a clase traballadora e para as persoas que teñen traballos temporais e precarios como é o caso da mocidade. Isto explica tamén a alta porcentaxe de mozos e mozos que non se poden emancipar.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, asistimos día tras día a unha serie interminábel de desafiuzamentos de persoas que non poden pagar a renda da vivenda, maioritariamente nos últimos anos en réxime de alugueiro.

2. Mentres isto acontece, asistimos a un auténtico festín, a un negocio millonario de fondos de investimento e bancos que utilizan a vivenda para especular e para gañar cartos a esgalla.

A realidade é que existen miles de vivendas baleiras que non saen ao mercado, moitas das cales están en mans de grandes propietarios e especuladores. Esta contracción da oferta, motivada tamén nalgunhas zonas polo uso turístico, explica o desorbitado incremento de prezos que se produciu non últimos anos, sobre todo nas principais cidades, e que mesmo nalgunhas como cidade está expulsando ao estudantado cara a concellos da periferia.

3. Nin o goberno do Estado nin o da Xunta están desenvolvendo políticas eficaces para garantir a vivenda como dereito, para incrementar a oferta e para controlar os prezos.

- As reformas lexislativas aprobadas polo PP, fundamentalmente na lei de arrendamentos urbanos, tiveron como principal efecto a suba das rendas do alugueiro.

- A lexislación sobre SOCIMIS aprobada polo goberno do PSOE e logo modificada polo PP incentivou a especulación e o incremento dos prezos.

- O investimento público en vivenda sufriu un drástico recorte na última década e por riba os niveis de execución orzamentaria son moi baixos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Os niveis de construción de vivanda pública en Galiza son raquíuticos, tendo en conta as persoas rexistradas como demandantes (que son só unha pequena parte das que precisan unha vivanda)

- As axudas ao alugueiro son insuficientes, teñen baremos moi restritivos, convócanse con moito retraso e tardan moito en resolverse. Ademais, segundo moitas persoas expertas, as axudas ao alugueiro teñen ou poden ter como efecto o incremento dos prezos, ao trasladarse automaticamente á renda

-O fracaso estrepitoso dos programas de mobilización de vivendas baleiras, o que impide a saída ao mercado de miles de vivendas, sobre todo daquelas que están en mans da banca e de fondos especulativos.

4. Ademais da intervención pública directa no mercado da vivanda para incrementar a oferta e baixar os prezos, cómpre levar a cabo medidas de fomento do emprego de calidade, de incremento dos salarios, de recuperación de dereitos sociais e laborais que foron arrebatados coa escusa da “crise”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Crear un parque de vivendas para o aluguer social mediante a promoción de vivanda pública, programas de rehabilitación de vivendas e mobilización de vivendas baleiras en propiedade de grandes propietarios e da banca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Crear unha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia habitacional por desafiuzamentos e para colectivos con especiais dificultades para o acceso á vivenda.
3. Desenvolver un programa específico de vivendas en aluguer con prezos limitados para mozos e mozas de menos de 35 anos.
4. Crear un fondo extraordinario de fomento da vivenda dotado con 100 millóns de euros para compensar a redución orzamentaria dos últimos anos.
5. Duplicar o investimento en vivenda no orzamento de 2020 e mellorar substancialmente o grao de execución orzamentaria dos programas de vivenda, incrementando a construción e a rehabilitación de vivenda de promoción pública.
6. Incrementar substancialmente as partidas destinadas a axudas ao alugueiro para atender a demanda, axilizar os prazos de tramitación, adiantar as convocatorias e revisar os baremos ampliando os criterios para o acceso ás axudas.
7. Elaborar un informe, a través do Observatorio da Vivenda, sobre o número de vivendas baleiras en Galiza, sobre a propiedade das mesmas, sobre as vivendas en mans de fondos especulativos e banca, e sobre as razóns polas que non saen ao mercado.
8. Demandar do goberno do Estado:
 - A supresión das normas que favorecen a especulación arredor da vivenda, nomeadamente a lexislación sobre Sociedades de Investimento no Mercado Inmobiliario (SOCIMIS)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A reversión das reformas laborais que retallaron dereitos sociais e laborais da clase traballadora.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:05:07

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:05:12

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:05:20

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:05:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:05:36

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:05:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A década de goberno Feixóo entre 2009 e 2019 pasará á historia como un ermo en materia de transferencias do Estado, xa que non se logrou ningunha nova competencia.

Este resultado non se corresponde coas previsións do primeiro ano de goberno, que se inaugura cun informe presentado no consello da xunta o 8 de outubro de 2009 que deu pé ao presidente da Xunta a pronunciar unha frase que tamén pasará á historia dos fiascos: “Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia”.

O 23 de xaneiro de 2019, a comisión primeira do parlamento galego aprobou por unanimidade os seguinte acordo:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A finalidade deste acordo é que Galiza se equipare ás nacións que teñen os maiores niveis competenciais, isto é Catalunya e Euskadi.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a cumprir o acordo parlamentario do 21 de xaneiro de 2019, redactado nos seguintes termos: "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."

Para dar cumprimento a este acordo, o goberno da Xunta demandará do goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta para negociar con carácter prioritario as seguintes transferencias: Ordenación do sector pesqueiro, Investigación oceanográfica, Portos de interese xeral, Titulacións profesionais náutico-pesqueiras, Ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre (Costas), Meteoroloxía, Cuncas hidrográficas, Aeroportos, Inspección de traballo, Arbitraje de consumo, Museos, Arquivos e Bibliotecas do Estado, Autoestradas.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:24:26

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:24:31

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:24:37

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:24:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:24:50

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:24:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión**, relativa a Vulcano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano do seu centenario, o estaleiro Vulcano está sufrindo unha situación crítica que o pon ao borde da desaparición. Logo da entrega do ferri, reactivouse o concurso de acredores, que entrou en fase de liquidación debido á elevada débeda e a que non parecer viábel o cumprimento dos compromisos cos acredores.

A nivel laboral estase tramitando un ERE extintivo que prevé unha indemnización de 20 días por ano traballado con máximo de 12 mensualidades. A decisión ao respecto prevese para a semana do 23 de setembro.

A Xunta desentendeuse deste proceso e dá por feito a liquidación da empresa. Aínda que os representantes do goberno galego dixerón que fixeron todo o posíbel por salvar a empresa, a realidade é que incumpriron os compromisos cos traballadores.

No seu día, o director do IGAPE pediulle ao persoal da empresa que colaborase para rematar e entregar o ferri, e que a partir de aí a Xunta implicaríase





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na busca dun investidor. Os traballadores cumpriron a súa parte traballando seis meses sen cobrar e cando se rematou o barco o director do IGAPE informoulles que non había ningún investidor xa que a opción de Barreras non era viable polos problemas que atravesaba a empresa. Polo tanto, o IGAPE cumpriu os compromisos coa empresa mais non cumpriu cos traballadores.

Diante desta situación crítica, o BNG considera que o goberno galego debe exercer as súas competencias en materia de política industrial para desenvolver un sector estratéxico para o desenvolvemento de Vigo e a súa comarca, tanto no que ten que ver en si coa construción naval como coa industria auxiliar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Convocar a Mesa de Contratación do naval, co obxectivo de implicarse na procura de novos contratos para o sector.
2. Diante da manifesta incapacidade da actual propietaria de Vulcano para garantir a viabilidade da empresa, estudar a posibilidade dunha intervención pública ben por medio da Xunta de Galiza ou a través da SEPI, para converter a Vulcano nun estaleiro público ou semipúblico e garantir desta maneira a continuidade do cadro de persoal da empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Estudar o desenvolvemento na actual factoría de Vulcano do Centro de Reparación Naval da Ría de Vigo, co obxecto de estabilizar a produción e o emprego e dar garantía de futuro ao sector.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:32:55

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:33:01

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:33:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:33:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:33:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á consistencia ou non dos novos anuncios publicitarios respecto da construción naval na excursión do Presidente Feijóo a Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de setembro de 2019 asistimos a un novo anuncio por parte do Presidente da Xunta de Galiza relacionado coa construción naval nunha excursión. Desta volta durante a expedición a Arxentina coincidindo no tempo, casualmente, coa preocupación no sector pesqueiro pola posíbel afectación das prospeccións petroleiras arxentinas aos caladoiros que emprega o noso sector, coa preocupación pola situación do sector naval ao producírense despedimentos no sector auxiliar e coa inminente convocatoria de eleccións.

Segundo informa literalmente a nota de prensa da Xunta de Galiza o Presidente <<abordou hoxe co ministro de Agricultura, Ganadería y Pesca do Goberno arxentino, Luis Miguel Etchevehere, numerosos asuntos de interese para a viabilidade das empresas galegas e para a pesca de Galicia, entre os que destacou o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acordo para que case a metade dos barcos que operan en augas arxentinas poidan construírse en estaleiros galegos.

“No eido da renovación da frota, o ministro destacou que a previsión que teñen é a de construír barcos por un importe de 2.500 millóns de dólares, entendendo que a metade, aproximadamente, desa carteira de pedidos se poderán construír en estaleiros galegos”, dixo, confirmando ademais o acordo de rebaixa do 14% ao 7% dos aranceis para a construción de barcos de máis de 30 metros que se fagan fóra de Arxentina.>>

Vistos os precedentes das promesas de Pemex que resultaron xa non só incumpridas senón nunha operación que está sendo investigada por indicios de corrupción, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que é necesario ter máis información ao respecto e que sexa esclarecido.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a remitir no prazo máximo dunha semana á Cámara Galega toda a documentación que demostre a existencia en firme dun acordo co goberno arxentino para a construción da metade da súa frota, incluíndo unha memoria económica e a súa calendarización.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 12:56:51

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 12:56:59

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 12:57:08

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 12:57:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 12:57:22

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 12:57:32



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde da Pastoriza conta con tres prazas de Medicina Xeral.

Recentemente, asociacións veciñais da localidade denunciaron a perda de servizos sanitarios pola xubilación este verán de 2019 dun deses tres médicos, tendo en conta, ademais, que ata hai uns anos había 4 prazas de Medicina Xeral no Centro de Saúde da Pastoriza, que, ademais, tamén prestan servizo no consultorio de Bretoña, no mesmo Concello.

Deste xeito, a veciñanza sinala que o Sergas está a cubrir a praza mediante interinidade ou contratos temporais, e trasladan que “ os continuos cambios dificultan que o médico poida coñecer ben o historial do paciente, máis aínda debido á carga de traballo que soportan os médicos de atención primaria, e resulta evidente que o facultativo non pode ler e estudar o historial médico de cada paciente nunha consulta de 10 minutos”.

Así, os e as representantes das asociacións veciñais solicitan unha reunión “á maior brevidade” co Conselleiro de Sanidade, coa finalidade de pedir prazos concretos para a cobertura da terceira praza de médico/a no Centro de Saúde da Pastoriza.

Ademais, a veciñanza da Pastoriza denuncia problemas coa atención pediátrica,



pola non cobertura das vacacións, baixas e permisos. Este servizo, na Pastoriza, está compartido co Concello de Meira, estando dous días na Pastoriza e tres en Meira. Cando non hai servizo nestes concellos, a poboación en idade pediátrica debe acudir a Vilalba para a súa atención, a uns 30 km da capital municipal da Pastoriza.

6.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.6501	Outras infraestruturas	2017.00038	1010	N	75.000,00	0,00





7. BAIXA

7.1. EXPEDIENTE BC-08.A1-003-19

(Código exp. CODEX BC-2019-3-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGI (302)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

7.1.1. Descrición

Baixa de crédito por importe de 300.000,00 € no capítulo VI da Axencia Galega de Infraestruturas ós efectos de transferir crédito ao capítulo VI da Dirección Xeral de Mobilidade para levar a cabo as actuacións de mellora e conservación de paradas de estacións de autobuses e para o investimento en reposición de maquinaria.

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
302	10	08.A1..512B.6101	CONSERVACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS	2018.00013	1010	N	300.000,00	0,00

7.2. EXPEDIENTE BC-11.A1-001-19

(Código exp. CODEX BC-2019-2-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGADIC (301)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURALS

7.2.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO por importe de 86.000,00€ na aplicación 11.A1.432B.640.1 do proxecto 2013_00005 da Agadic coa finalidade de transferilo á Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o financiamento das seguintes actividades:

- SERAN O2: programa de actuacións que inclúe o II Encontro galego de cultura popular, no que as bandas de música serán as grandes protagonistas.
- MAGOSTOS NO GAIAS: Festa adicada á degustación de castañas e con boa música popular, ademais da organización simultánea de obradoiros abertos ao público.
- FEIRA DE NOVOS CREADORES (Audacia): esta feira está chamada a constituírse na mostra galega de produtos, servizos, convocatorias e iniciativas relacionadas coas creacións contemporáneas, onde o emprendemento, o feito artístico e a viabilidade económica dos proxectos marquen e determinen a súa esolla para conformar o Festival.

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	11.A1..432B.6401	INMOBILIZADO INMATERIAL	2013.00005	1010	N	86.000,00	0,00

7.3. EXPEDIENTE BC-14.A1-001-19

(Código exp. CODEX BC-2019-9-00100002)





ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGADER (408)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

7.3.1. Descrición

Baixa de crédito por importe de catrocentos mil novecentos cincuenta e cinco euros con noventa e cinco céntimos (400.955,95 €), en aplicacións orzamentarias correspondentes ao capítulo VII do programa de gasto 712A, da Axencia Galega de Desenvolvemento rural (AGADER).

O obxecto da baixa é financiar investimentos da Dirección Xeral de Gandeiría, Agricultura e Industrias Alimentarias que melloren o coñecemento da situación real da viticultura galega, en concreto a través da actualización do rexistro vitícola como ferramenta de seguimento e control da evolución das superficies de viñedo e actuacións de control da campaña da vendima 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia .

7.3.2. Partidas orzamentarias de destino

7.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
408	10	14.A1..712A.7600	A CORPORACIÓNS LOCAIS	2016.00008	1010	N	400.955,95	0,00





8. SUPLEMENTO DE CRÉDITO/BAIXA

8.1. EXPEDIENTE SC-12.80-001-19

(Código exp. CODEX SC-2019-59-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SER GAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

8.1.1. Descrición

SUPLEMENTO DE CRÉDITO no Capítulo I, programas 412A, 412B e 414A do estado de gastos do orzamento do Servizo galego de Saúde para o exercicio 2019, por un importe de 24.537.957,26 €, que ten por obxecto cubrir os desaxustes orzamentarios no capítulo I do Servizo Galego de Saúde que derivan da propia variabilidade da actividade asistencial asociada ás circunstancias estacionais, e da necesidade de prover unha axeitada asistencia sanitaria á poboación.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	384.400,53	0,00
103	50	15.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	1.922.002,59	0,00
103	50	15.01..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	269.080,36	0,00
103	50	15.01..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	845.681,14	0,00
103	50	15.01..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	691.920,93	0,00
103	50	15.05..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	153.760,22	0,00
103	50	15.05..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	922.561,24	0,00
103	50	15.05..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	230.640,31	0,00
103	50	15.05..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	345.960,47	0,00
103	50	15.05..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	184.512,25	0,00
103	50	15.71..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	676.544,91	0,00
103	50	15.71..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	2.229.523,01	0,00
103	50	15.71..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	345.960,47	0,00
103	50	15.71..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	753.425,02	0,00
103	50	15.71..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	730.360,99	0,00
103	50	27.01..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	922.561,24	0,00
103	50	27.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	2.267.963,07	0,00
103	50	27.01..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	807.241,09	0,00
103	50	27.01..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	768.801,04	0,00
103	50	27.01..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	307.520,41	0,00
103	50	32.01..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	388.244,52	0,00
103	50	32.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	922.561,24	0,00
103	50	32.01..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	115.320,16	0,00
103	50	32.01..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	411.308,55	0,00
103	50	32.01..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	384.400,52	0,00
103	50	36.01..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	845.681,14	0,00
103	50	36.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	2.283.339,08	0,00
103	50	36.01..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	461.280,62	0,00
103	50	36.01..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	295.988,40	0,00
103	50	36.01..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	749.581,01	0,00
103	50	36.03..412A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00014	1010	N	363.008,63	0,00
103	50	36.03..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	807.241,09	0,00





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.03..412B.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00015	1010	N	115.320,16	0,00
103	50	36.03..412B.13100	Retribucións básicas	2016.00015	1010	N	149.916,20	0,00
103	50	36.03..414A.12103	Complemento de atención continuada persoal facultativo	2016.00016	1010	N	484.344,65	0,00

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.500	Fondo de continxencia	2016.00007	1010	N	24.537.957,26	0,00





9. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

9.1. EXPEDIENTE TR-05.80-006-19

(Código exp. CODEX TR-2019-52-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

9.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 30.000,00 euros, entre conceptos do capítulo II do orzamento de gastos da EGAP, co obxecto de ampliar o concepto 270 "Edicións e distribucións", de forma que permita manter o ritmo das publicacións das súas revistas habituais.

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	05.80..122B.270	Edicións e distribucións	2014.00001	1010		30.000,00	0,00

9.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	05.80..122B.22617	cursos formacion /financiación propia 1010	2014.00001	1010	N	30.000,00	0,00

9.2. EXPEDIENTE TR-05.81-006-19

(Código exp. CODEX TR-2019-51-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGASP (105)
ÓRGANO XESTOR	ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

9.2.1. Descrición

Transferencia de crédito, por importe de 30.000,00 euros, á aplicación orzamentaria 05.81.212A.212 para reparación, mantemento e conservación das instalacións da Agasp

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
105	10	05.81..212A.212	edificios e outras construcións	2015.00001	1010	N	30.000,00	0,00

9.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
105	10	05.81..212A.22617	cursos de formacion	2015.00001	1010	N	30.000,00	0,00





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	Redistribución de créditos
REFERENCIA	RD-04-001-19
ENTIDADE / ORGANISMO	PRESIDENCIA DA XUNTA
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral
DATA DE APERTURA	30/07/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

RD-04-001-19

1.1.2. Descrición operación

Redistribución de crédito por importe de dous millóns dous centos sesenta e un mil trescentos noventa e seis euros con once céntimos (2.261.396,11 €), entre distintas aplicacións orzamentarias correspondentes ás transferencias de financiamento á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT	COD. OFI	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	ELIX	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDAB
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00062	1020	S	74.249,24	
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00062	4130	S	296.996,96	
1	27	04.10.131A.732.00	2015 00063	1020	S	357.452,15	
1	27	04.10.131A.732.00	2015 00063	4130	S	1.429.808,61	
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00064	1020	S	20.577,83	
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00064	4130	S	82.311,32	
						2.261.396,11	

1.2.2. Recursos

COD. ENT	COD. OFI	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	ELIX	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
1	27	04.10.571A.732.00	2016 00006	1020	S	310.902,27	
1	27	04.10.571A.732.00	2016 00006	4130	S	1.243.609,09	
1	27	04.10.571A.732.00	2016 00007	1020	S	10.092,47	
1	27	04.10.571A.732.00	2016 00007	4130	S	40.369,86	
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00065	1020	S	51.258,60	
1	27	04.10.571A.732.00	2015 00065	4130	S	205.034,40	
1	27	04.10.421A.732.00	2016 00005	1020	S	47.486,17	
1	27	04.10.421A.732.00	2016 00005	4130	S	189.944,69	
1	27	04.10.311A.732.00	2015 00066	1020	S	32.539,71	
1	27	04.10.311A.732.00	2015 00066	4130	S	130.158,85	
						2.261.396,11	





1.2.3. Fundamento normativo

Circular da Intervención Xeral nº 1/1994, do 10 de marzo e Instrución conxunta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e da Dirección Xeral de Orzamentos, do 10 de maio de 2002.

Artigo 7 u) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Presidencia da Xunta de Galicia remite escrito no que solicita a tramitación dun reaxuste dos créditos correspondentes á transferencia de capital a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para adecualos aos movementos interproxectos tramitados na mesma de acordo co seguinte detalle:

-PX-04.A1-004-19, por un importe de 50.462,33€, entre aplicacións correspondentes aos programas 571A e 311A co obxecto de atender os compromisos asumidos polo contrato relativo ao servizo de desenvolvemento evolutivo do sistema de información de historia social única.

-PX-04.A1-007-19, por importe de 1.688.234,36€, entre aplicacións orzamentarias incluídas nos programas 131A e 571A co obxecto contar co crédito necesario para facer fronte ós compromisos asumidos en virtude do contrato relativo ao servizo de desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades para a implantación da administración xudicial electrónica na Administración de Xustiza en Galicia, así como continuar coa tramitación do contrato de subministración de equipamento audiovisual para a Administración de Xustiza.

-PX-04.A1-009-19, por importe de 371.246,20€, entre aplicacións orzamentarias correspondentes aos programas 421A e 571A, co obxecto de poder realizar os seguintes contratos :

- Prórroga do servizo de desenvolvemento de novos servizos e evolución da plataforma de intermediación da Xunta de Galicia (PasaXe), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa FEDER GALICIA 2014-2020 (expediente 19/2016), con cargo á aplicación 04.A1.571A.626.0, (código de proxecto 2015 00001) por importe de 264.735,90 euros.

- Prórroga do servizo de desenvolvemento e coordinación dos cadros de indicadores na arquitectura dos sistemas de análise corporativos no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 (expediente 35/2016), con cargo á aplicación 04.A1.571A.626.0, (código de proxecto 2015 00001) por importe de 415.998,00 euros.

- Servizos de coordinación do desenvolvemento e implantación da administración electrónica e Servizos dixitais na Xunta de Galicia, cofinanciado nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 con cargo á aplicación 04.A1.571A.640.0, (código de proxecto 2015 00001) por importe de 415.998,00 euros.

-PX-04.A1-010-19, por importe de 114.134,49€, entre aplicacións orzamentarias incluídas nos programas 571A e 311A, co obxecto de tramitar o primeiro contrato derivado do acordo marco de subministración de puntos de acceso wifi para as dependencias integradas na rede corporativa da Xunta de Galicia.





-PX-04 A1-011-19, por importe de 99.026.40€, entre aplicacións incluídas nos programas 131A e 311A co obxecto de atender a contratación da prórroga do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de grabación de vistas orais "Efidelius".

Estas modificacións na Amtega realizáronse tendo en conta que ao tratarse dunha axencia pública autonómica lle de aplicación o establecido no artigo 83 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, que determina a vinculación dos créditos correspondentes aos capítulos VI e VII pola súa contía total, entendemos que a modificación a tramitar ten natureza de "movemento interproxectos", e o artigo 7 u) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019, que dispón "Sen prexuízo do disposto no artigo 83.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos autorizados nos estados de gastos comprenderán dentro do nivel de vinculación existente, todos os programas que xestiona cada Axencia pública"

Debe considerarse polo tanto que a vinculación correspondente á transferencia de financiamento ás axencias, inclúe no nivel de vinculación a totalidade dos programas que xestiona.

Polo tanto procede a fin de adecuar os créditos que figuran nas transferencias de financiamento á AMTEGA aos que figuran na mesma a realización da redistribución de créditos detallada na proposta.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto na Circular da Intervención Xeral nº 1/1994, do 10 de marzo e Instrución conxunta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e da Dirección Xeral de Orzamentos, do 10 de maio de 2002, e o Artigo 7 u) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019; sométese á súa autorización o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral de Planificación e Instrumentación	Carpeteiro de Expediente PD 19-02-2015
Miguel García López - PDL	Miguel García López - PDL





ASUNTO:	Modificacións de crédito: modificación do orzamento de capital
TIPO DE TRÁMITE:	Modificación de crédito
REFERENCIA:	Augas 02/2019
ENTIDADE / ORGANISMO:	Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE:	Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia
DATA DE APERTURA:	06/08/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO.

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

Augas de Galicia 02/2019

1.1.2. Descrición operación

Modificación do orzamento de capital da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia nun importe de cincocentos trinta e un mil novecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (531.997,50 €)

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

CADRO DE FINANCIAMENTO

Gastos

Modificación orzamentaria Explicación	Crédito inicial	Crédito vixente	Modificación solicitada	Consignación definitiva
Investimentos reais	47.861.439,00	49.472.909,90	-531.997,50	48.940.912,40

Ingresos

Concepto ingresos Explicación	Orzamento inicial	Orzamento vixente	Modificación solicitada	Orzamento vixente
Transferencias de capital da Comunidade Autónoma	29.642.173,00	31.612.903,38	-531.997,50	31.080.905,88

1.2.1. Fundamento normativo

Artigo 85.2.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.



1.2.2. Exposición

O Ente Público Empresarial Augas de Galicia remite un expediente no que solicita a tramitación dunha modificación no seu orzamento de capital en 531.997,50 euros.

Fundaméntase a solicitude no acordo de colaboración suscrito o 11.05.2019, entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente, e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de augas

O obxecto do acordo, recollido na cláusula primeira, é regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise e xestión das redes de control definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrolóxica de Galicia-Costa.

A cláusula cuarta do acordo establece que os gastos que asumirá Augas de Galicia estímense nunha cantidade máxima de 531.997,50 €, e a orixe dos fondos está na aplicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade 08.01.542A.740.01, proxecto de gasto 2019 00008, as aplicacións de destino da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda son: 07.02.541E.623.1, 07.02.541E.633.1 e 07.02.541E.640.1, proxecto de gasto 2014 00690, coa seguinte distribución:

07.02.541E.623.1:	106.300,00 €
07.02.541E.633.1:	319.297,50 €
07.02.541E.640.1:	106.400,00 €
Total:	531.997,50 €

Como consecuencia do anterior tramitouse no expediente de referencia AB-2019-193-00200001, unha ampliación de crédito nas referidas aplicacións orzamentarias con baixa, polo mesmo importe, na aplicación 08.01.542A.740.01, correspondente á transferencia de financiamento á EPE Augas de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, procede neste expediente realizar os axustes pertinentes no cadro de financiamento da EPE Augas de Galicia, minorando no orzamento de ingresos a partida correspondente a transferencias de capital da Comunidade Autónoma, na partida correspondente a fondos propios libres, e polo mesmo importe no orzamento de gastos, a conta correspondente a investimentos reais.





Por todo o anteriormente exposto e de acordo co previsto na 85.2.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, sométese para a súa consideración o expediente de modificación de créditos, non consolidable para exercicios futuros, nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos.	Conselleiro de Facenda (P.D. 10 02 2015)
Miguel Corgos López Prado	Miguel Corgos López Prado





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A fins de agosto do ano en curso, diferentes medios de comunicación escrita fixéronse eco por primeira vez do malestar dos veciños de Sobrado dos Monxes debido ás irregularidades no transporte, almacenamento e distribución de lodos de diferente procedencia así coma de partidas de produtos que pasan por seren fertilizantes pero que non cumpren con ningunha normativa legal.

Estes depósitos, moitos deles camuflados no entorno e dificilmente visibles, espallados polos montes dese concello non cumpren coas mínimas condicións esixidas e son utilizados coma almacenamento antes de ser repartido o seu contido coma suposto fertilizante entre algúns labregos, queremos supoñer ignorantes do perigo que entraña o seu uso.

Esta situación arrástrase no tempo desde hai xa anos constituíndo un grave perigo para o medioambiente e para a saúde alimentaria e humana.

Estes depósitos e estas prácticas danse a escasa distancia dos nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, sendo o perigo maior cando as chuvias son copiosas en que as balsas rebozan e flúen ladeiras e regatos abaixo buscando o río principal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É de destacar que toda esta serra, chamada Montes do Bocelo, é un espazo estratéxico para o futuro pola acumulación de acuíferos, por estar elevada e por tanto potencialmente fornecedora de auga potable ós concellos das súas estribacións (Melide, Boimorto, Vilasantar, Curtis, Guitiriz...)

O uso agrícola deste falso fertilizante supón ademais unha ameaza para o bo nome e calidade dos produtos agrogandeiros da zona e un risco futuro nas axudas agroambientais e da PAC polo alto contido en metais pesados que permanecen moito tempo nos solos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas tomou o goberno galego ata o día de hoxe a respecto do aparecido e intervido en balsas de lodos clandestinas en Sobrado dos Monxes a fins do mes de agosto pasado?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 17:22:02

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 17:22:05

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 17:22:12

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 17:22:19

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 17:22:34

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 17:22:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, SOLICITA atendendo ao acordo da Mesa do Parlamento do 17 de setembro de 2019 (doc. núm. rex. saída 16910) a seguinte **reformulación** da interpelación con número de rexistro **55440**, para que sexa admitida a trámite:

Substitúese o texto final da interpelación polo seguinte:

“Fai o goberno galego o seguimento e as inspeccións necesarias nos movementos de lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos antes e despois de seren tratados e transformados en fertilizantes que aseguren ós agricultores e á poboación en xeral a súa saúde e a dos seus animais e produtos?”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 10:22:54



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porrirt Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Non obstante esta obriga, a Xunta de Galicia nin sequera ten aprobado o calendario normativo para este ano 2019 (polo que non se coñecen as previsións normativas para este ano ao que só lle quedan 3 meses para rematar), ao que hai que engadir o deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados 2017 e 2018.

A realidade é que, a día de hoxe, o Goberno non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade legislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

E atopamos esa mesma liña de incumprimento dos compromisos legislativos cando só se teñen aprobado 5 das 20 leis que o presidente da Xunta anunciara no seu programa electoral ás eleccións autonómicas de 2016. Xa que logo, seguimos diante da lexislatura de máis baixa iniciativa legislativa por parte do Goberno galego.

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.ª) Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que cumpre as súas promesas?
- 2.ª) Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que cumpre o disposto no artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas?
- 3.ª) Cando ten previsto o Goberno dar conta do grao de seguimento do plan normativo do ano 2018?
- 4.ª) Cando ten previsto o Goberno aprobar o plan normativo de 2019?
- 5.ª) Por que o Goberno non é capaz de cumprir os seus plans normativos?





6.ª) Por que o Goberno non é capaz de cumprir as promesas electorais do presidente da Xunta?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 13:07:47

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/09/2019 13:07:58



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O IGE vén de publicar a Estatística de Sociedades Mercantís correspondente ao mes de xullo. A dita estatística elaborase a partires da Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (Borme) con carácter mensual co fin de medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre as empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.

Os datos achegados indícanos que no mes de xullo en Galicia se crean 281 sociedades mercantís, o que supón unha diminución dun -1,1 % respecto do mesmo mes do ano anterior, mentres que para o conxunto do Estado esta variación é positiva (+1,6 %). No caso das sociedades disolvidas (80) a variación anual tamén é peor para Galicia (+11,1 %) que para o conxunto do Estado (+9,2 %) e temos 102 sociedades que amplían capital e 20 que o reducen.

Facendo unha comparativa mes a mes, tamén temos que para este exercicio os datos para Galicia son negativos respecto aos do exercicio 2018.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego desta situación?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 16:11:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:11:22



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á esclarecer as circunstancias do aprexamento dun arrastreiro “Río Mau” por parte de Irlanda.

O pasado luns día 11 de Setembro foi apresado novamente un pesqueiro galego. Nesta ocasión tocoulle ao arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo. Dito apresamento foi realizada polas autoridades irlandesas, permanecendo retido durante 4 días con toda a tripulación a bordo no porto de Casteltownbere (Irlanda).

O apresamento do “Río Mau” semella un proceder moi dubidoso, xa que neste caso as propias autoridades irlandesas admiten que houbo un erro á hora de estimar as capturas de rape e rapante a bordo.

O certo é que Irlanda ven de apresar por terceira vez un barco de capital galego no que vai dun ano para aquí. Son os casos do palangreiro de Burela “Virxen da Blanca”, ou máis recentemente o tamén palangreiro “Mestre Bobicha” con armador de Ribeira e pavillón portugués. Ao igual que no caso do “Río Mau”, as presuntas infraccións entendemos que non poden ser consideradas como algo grave, polo que resulta excesivamente rigoroso desviar a un barco a porto, rételo e impoñer sancións elevadísimas baixo a ameaza de que vai ser resolto a saber cando por un





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurado popular, nunha sociedade irlandesa na que aínda perduran prexuízos de antano contra á pesca galega.

Hai que lembrar que estas infraccións son sempre detectadas en “augas xurisdicionais da UE”, polo que Irlanda non ten un dereito exclusivo sobre elas.

Débase tamén sinalar que a flota galega leva realizado un gran esforzo social e económico para adecuarse aos recursos, e se hoxe o Gran Sol ten un bo estado de conservación débese en gran medida a este sacrificio do noso sector. Por iso non é de recibo este acoso ao noso sector pesqueiro.

É preciso que o Goberno español realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e tamén que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante do apreixamento por parte de Irlanda do arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo?

Ten realizado algunha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” ao Goberno español?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten solicitado que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE?

Que accións vai realizar se este “modus operandi” das autoridades irlandesas estase a aplicar especialmente á frota galega?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:30:14

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:30:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:30:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:30:37

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:30:45

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:31:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á rede natura.

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia.

Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO:

Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación amplíase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión biogeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos.

Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012.

A realidade é que pasaron máis de 7 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e 11 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Por que razón a Xunta de Galiza incumpre o mandado da Comisión Europea a respecto da ampliación da Rede Natura?
2. Por que a Xunta de Galiza paralizou a ampliación da Rede Natura sometida a información pública no ano 2012?
3. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?
4. Ten coñecemento o goberno galego do deterioro irreversible que sufriron moitos deses espazos?
5. En cantos dos espazos incluídos na proposta de ampliación se desenvolveron ou están previstos proxectos mineiros, hidroeléctricos, eólicos e de plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos?
6. Ten previsto o goberno galego revisar o Plan Director da Rede Natura e aprobar Plans de xestión específicos para cada un dos lugares, tal como reclamou a Comisión Europea?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Que previsións ten o goberno galego en canto á ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?

8. Como valora o goberno galego o feito de que Galiza ocupe o último lugar do estado en porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 18:02:20

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 18:02:28

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 18:02:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 18:02:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 18:03:02

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 18:03:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao ente público ferroviario e o tren de cercanías.

O 20 de abril de 2010, a Xunta de Galiza fixo público o inicio dos trámites para a creación do Ente Público Ferroviario de Galiza. Nesta data publicouse no DOG a licitación do contrato de servizo para elaborar o proxecto de lei deste organismo, por un importe de 180.000 euros.

